

PRIMEIRA TOMA DE CONTACTO ENTRE O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA E O DO PSDEG

Temas como vivenda, industria, mercado laboral, sanidade ou sinistralidade laboral foron analizados na xuntanza

Redacción.- Este mércores a sede de UGT-Galicia, en Santiago, acolleu unha reunión entre o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, e o secretario xeral do PSdeG-PSOE, José Ramón Gómez Besteiro. Esta foi a primeira toma de contacto de ambos dirixentes tras ser elixidos recentemente como secretarios xerais nos congresos das súas respectivas organizacións.

Como explicou Medeiros, tras a xuntanza, foron moitos os temas que se abordaron e aos que ambos trataron de facer as súas achegas.

O secretario xeral de UGT-Galicia puntualizou que preocupa, e moito, o problema da vivenda en Galicia, xa que son moitas as familias que teñen dificultades para acceder a unha vivenda digna ante un mercado cada vez máis tensionado e resulta especialmente preocupante tamén a situación dos máis mozos porque os altos prezos tanto do aluguer como da compra fan difícil que poidan emanciparse e comezar un proxecto de vida independente, aínda tendo un posto de traballo. Poñer vivenda social no mercado debe ser o primeiro paso a dar.

A situación da industria en Galicia tamén foi analizada e, ao respecto, Medeiros aclara que hai que apostar por un tecido industrial competitivo, con alto valor engadido e medioambientalmente sostible para esta Comunidade.

Eivas do mercado laboral

No relativo ao mercado laboral, hai que seguir traballando para solucionar as eivas que este aínda presenta en Galicia, xa que, a pesar do camiño andado grazas á reforma laboral e outras medidas, a precariedade aínda está aí, xornadas parciais involunta-



rias ou a brecha de xénero que persiste ano tras ano. Neste senso, tamén preocupa o paro de longa duración, para o cal UGT insiste en esixir a mellora das políticas activas de emprego que garantan a empregabilidade daqueles que teñen máis dificultades.

Sinistralidade laboral

A sinistralidade laboral tamén foi abordada e ambas organizacións amosaron a súa preocupación polas cifras que se están a rexistrar. Neste senso, UGT-Galicia reitera a necesidade dun cambio normativo en profundidade da Lei de Prevención de Riscos Laborais para adecuala ás novas realidades; mellorar a xestión preventiva e acabar coa mercantilización dos servizos de prevención; protexer a saúde mental das persoas traballadoras; garantías de cumprimento da Lei; un incremento de recursos para a Inspección; e a creación dunha figura similar á do delegado territorial de prevención a nivel estatal, o que axudaría a mellorar a prevención nas PEMES.

A urxencia de acometer medidas que melloren a situación da sanidade tamén foi outra das conclusións da xuntanza porque en Galicia persisten problemas, que xa son estruturais, tanto en atención primaria como hospitalaria, longas listas de espera ou carencias nos centros de saúde e hospitalarios.

Precariedade na axuda no fogar

Cristóbal Medeiros, ademais, fixo unha especial mención á situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar que están a traballar baixo condicións especialmente precarias, salarios moi baixos, xornadas parciais involuntarias, horarios desestruturados...

Finalmente, o secretario xeral de UGT-Galicia valorou esta xuntanza e considerou que debe ser a primeira das que se poidan ir sucedendo no tempo para intentar entre todos e todas chegar solucións aos problemas sociais, económicos e laborais dos galegos e galegas.

A Sección sindical de UGT na CRTVG valora positivamente o encontro que marcará un antes e un despois nas accións de defensa do servizo público nos medios de comunicación

OS COMITÉS DE EMPRESA DOS MEDIOS PÚBLICOS CREAN A ALIANZA “RTVs PÚBLICAS EN LOITA”

Reuníronse a pasada fin de semana en Santiago na procura de respostas coordinadas ao problemas comúns das radiotelevisións autonómicas

Redacción.- Os comités de empresa dos medios públicos de comunicación de Galicia, Asturias, Euskadi, Catalunya, Andalucía, Madrid, Illes Balears, Extremadura e Castela a Mancha acordaron este sábado en Santiago de Compostela, no marco do 1º Encontro de comités de medios públicos organizado pola representación sindical da CRTVG, a creación dunha alianza estratéxica para defender conxuntamente os medios públicos de comunicación, que consideran ameazados e fundamentais en democracia.

A alianza solidaria, que denominarán “RTVs Públicas en Loita”, xorde despois de certificar, grazas ao intercambio de información e experiencias que propiciou o encontro, a existencia de problemas semellantes en todas as empresas de comunicación que obedecen a ameazas comúns: a inxerencia política nas estruturas e as redaccións para o control partidista da información e unha concepción capitalista da xestión do público que promove privatizacións ou externalizacións inxustificadas de case todas as grellas de programación, así como a implementación de procesos de dixitalización ou renovación tecnolóxica salvaxes que vulneran o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.

Durante as dúas xomadas de reunión, os e as representantes dos distintos comités de empresa autonómicos puideron constatar o avanzado estado dos procesos de privatización en cada medio, coa única excepción da radiotelevisión pública balear, onde están a executar, e con esperanzadores resultados, xustamente o camiño inverso, apostando pola internalización de producións e servizos que antes foran privatizados. A intencionada e progresiva redución dos cadros de persoal foi a



principal escusa argumentada polas diferentes direccións para xustificar unha externalización que en moitos casos incrementou o gasto e mingou a calidade.

Tamén puideron certificar as distintas representacións sindicais que a manipulación informativa é unha lacra común a todos os medios públicos, aínda que a existencia de ferramentas formais nalgúns deles para combater esta mala praxe -que merecería en opinión dos comités un reproche penal- poida ser útil tanto para disuadir como para amparar aos profesionais da información.

Outra das cuestións que trataron os comités reunidos foi a organización territorial de cada empresa pública autonómica. Aquí detectáronse maiores diferenzas, derivadas, tanto da maior ou menor aposta pola implantación ou presenza territorial, como polos distintos graos de desmantelamento de centros de traballo ou delegacións que todas as presentes consideraron, en cambio, unha das principais fortalezas estratéxicas que debían atender e mimar os medios públicos para vertebrar o territorio e cumprir coas misións de protexer as diferentes linguas e identidades do

Estado.

Con respecto aos procesos de dixitalización, abordados tamén en profundidade, aínda que se constataron distintas velocidades e graos de desenvolvemento en cada empresa, tiveron e aínda teñen en común a imposición de novas tarefas e funcións que dispararon de forma exponencial os riscos psicosociais sobre o persoal, sometido a unha tensión derivada dunha multitarefa ou polivalencia inasumible, máis grave en todos os casos canto máis pequeno o centro de traballo. Na actualidade, na maioría de medios públicos, as descripcións das categorías profesionais que recollen os convenios colectivos están obsoletas e non se corresponden nin coa realidade funcional presente nin coa demanda que impoñen os importantes retos de futuro.

Así as cousas, ante un panorama desolador que ameaza o propio papel e a independencia dos medios públicos como garantes da democracia, nace “RTVs Públicas en Loita” para dar unha resposta coordinada desde todos os territorios desde o sindicalismo de clase, que podería activarse en calquera momento.

UGT consegue que as traballadoras afiladas ao Sindicato de DomusVi Ferrol cobren a compensación dos festivos

Redacción.- Un grupo de traballadoras afiladas a UGT da DomusVi de Ferrol conseguiron que se lles recoñeza o cobro da compensación de festivos, tras chegar a un acordo previo ao xuízo que se ía celebrar este luns 17 de marzo. Deste xeito, cobrarán as contías reclamadas polas compensacións de festivos non desfrutados comprendidos entre os anos 2018 e 2023.

Estas traballadoras son as primei-

ras, na comarca de Ferrolterra que van cobrar os días, segundo indica o artigo 38 do V Convenio Colectivo do sector de residencias privadas de persoas de idade de Galicia.

Un gran logro acadado polo sindicato UGT, que seguirá loitando para denunciar a falta de persoal en todos os departamentos, así como pola negociación dun novo convenio colectivo.



UGT XUSTIZA DENUNCIA QUE A 15 DÍAS DA ENTRADA EN VIGOR DO NOVO MODELO DE OFICINA XUDICIAL E TRIBUNAIS DE INSTANCIA A XUNTA AÍNDA NON MOVEU FICHA

Redacción.- Tras a publicación en xaneiro da Lei Orgánica 1/2025, a xustiza en todo o país vai quedar inmersa nunha profunda reforma, nos aspectos organizativos, funcionais e tecnolóxicos.

Para UGT, estes cambios, que van afectar moito ás condicións laborais do persoal que da apoio aos xulgados e tribunais, deben ir acompañados dunha mellora retributiva dos corpos de xestión, tramitación, auxilio e médicos forenses, debido ao incremento de funcións que establece a propia lei.

E, de feito, moitas administracións, como Aragón, Canarias, Euskadi... e o propio Ministerio xa fixeron os deberes e foron asinando coa representación dos traballadores e traballadoras acordos retributivos. Galicia estase quedando atrás, a menos de 15 días para a entrada en vigor da Lei, o acordo retributivo está a día de hoxe desfasado e pendende de revisión.



Para denunciar esta situación, UGT, xunto co resto dos sindicatos do sector da Xustiza en Galicia, ofreceron varias roldas de prensa este xoves e aclararon que na xuntanza da mesa sectorial de xustiza prevista para o día 24 a Administración galega debe presentar unha oferta económica coherente coa reforma que vai entrar en vigor. Urxe ratificar un acordo retributivo, do mesmo xeito que o fixeron outras comunidades autónomas, antes de negociar as rela-

cións de postos de traballo e reordenación, redistribución e deseño da nova oficina xudicial.

A Xunta, de novo, chega tarde e moi xusta para unha Lei que entra en vigor dentro de 15 días. UGT Xustiza agarda que na xuntanza do luns faga unha proposta proporcional e xusta cos cambios que se aveciñan e coas novas esixencias para os traballadores e traballadoras da Xustiza galega.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS CELEBRA AS “XORNADAS DE IGUALDADE-SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS: FEMINISMO SINDICAL”

Redacción.- UGT Servizos Públicos organizou en Tarragona a xornada de formación “Igualdade servizos públicos esenciais: feminismo sindical” os días 19 e 20. Nesta participaron as compañeiras de UGT SP Galicia.

No contexto internacional actual, de onda reaccionaria, onde se está rearmando un discurso de odio, para cuestionar e socavar os avances en dereitos das mulleres, consideramos fundamental o papel dos servizos públicos e o sindicalismo para defender dereitos e construír un presente e futuro baseado na igualdade efectiva e a xustiza social.

Como sindicalistas e traballado-



ras e traballadores dos servizos públicos debemos realizar propostas claras para avanzar cara á igualdade real e para iso necesitamos contar con estratexias, materiais e espazos de aprendizaxe que nos permitan formarnos sobre as medidas que melloran as condicións laborais e de vida.

De modo que, a “Xornada de igualdade- servizos públicos esenciais: feminismo sindical” foi un espazo organizado para reflexionar e debater as principais liñas estratéxicas sobre as que se asenta a nosa práctica sindical desde unha perspectiva feminista para, a través da negociación colectiva e de plans de igualdade, obter melloras.

UGT RECLAMA A POSTA EN MARCHA DUNHA FOLLA DE RUTA PARA O DESPREGAMENTO DO VEHÍCULO ELÉCTRICO EN ESPAÑA

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Lola Navarro, participou este mércores nunha reunión coa vicepresidenta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Sara Aagesen, á que tamén asistiron o secretario xeral de CCOO; o presidente da CEOE; e o presidente de CEPYME.

No encontro, no que se abordaron diversas cuestións no marco da Axenda verde europea, Lola Navarro fixo fincapé na preocupación da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores ante o atraso no proceso de implantación do vehículo eléctrico en España.

Navarro lembrou na reunión que, segundo o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), para o ano 2030 debe haber 5,5 millóns de vehículos eléctricos en circulación. Un obxectivo do que aínda estamos “moi lonxe”, resaltou. Ante esta conxuntura, Navarro anunciou que a área Verde de UGT, xunto con UGT FICA e a organización T&E (Transport & Environment), elaborou unha folla de ruta para a implantación do vehículo eléctrico en España que, a modo de decálogo, ofrece pautas para conseguir unha transición ambiciosa, rápida, xusta e ordenada.

Este decálogo presentarase proximamente en rolda de prensa. Neste documento, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores demanda que se leve a cabo un proceso de transición xusta e ordenada para o sector. Este debe establecer unha diagnose dos impactos negativos no emprego con anticipación suficiente para ofrecer alternativas

ás persoas traballadoras afectadas, apoiándonos na formación e a recualificación e fomentando a creación de emprego verde, digno e de calidade en toda a cadea de valor.

En referencia a estes asuntos e de maneira máis concreta, Navarro sinalou no encontro que, para transformar a industria da fabricación de vehículos na industria da mobilidade sostible, “é imprescindible desenvolver un mapa industrial que recolla información detallada sobre os centros e postos de traballo actuais, os novos empregos requiridos para esta transformación e aqueles que poderían desaparecer”. Ante este contexto, “resulta esencial incluír ao sector na futura Estratexia de Transición Xusta, cuxa aprobación está prevista para 2025”, puntualizou Navarro.

“Isto permitirá deseñar propostas concretas e anticiparnos aos cambios, explorando alternativas industriais que preserven o emprego, identificando localizacións potenciais para empresas interesadas e evitando peches que conduzan á perda de postos de traballo. O obxectivo final é claro: que ninguén quede atrás neste proceso de transformación”, engadiu. Neste proceso é clave “situar no centro ás persoas traballadoras e á sociedade no seu conxunto”, reivindicou a vicesecretaria xeral do sindicato.

Navarro falou tamén sobre “o cambio conceptual da mobilidade”. Ao seu xuízo, este, “xa sexa impulsado por un cambio cultural ou reforzado por políticas ambientais,

obríganos a adoptar unha visión a longo prazo”, explicou Navarro.

Doutra banda, a vicesecretaria xeral de UGT avogou por compensar as perdas de emprego coa creación de novos postos de traballo en toda a cadea de valor a través da formación e a recualificación. Así, chamou a impulsar medidas que “deben centrarse en fortalecer as ferramentas necesarias para esta transformación, tendo como eixo principal a protección do emprego e a democratización da mobilidade para todas as persoas”.

Entre elas, Navarro referiuse ao contrato relevo, que “se presenta como unha ferramenta clave, non só para rexuvenecer os cadros de persoal, senón tamén para axustalos ás necesidades laborais emerxentes”; a redución da xornada, que “debe considerarse non só como unha medida para fomentar a conciliación, senón tamén como unha estratexia para repartir o traballo e reducir o impacto desta transformación”; e, por último, pediu “apostar pola recualificación e por modelos como a formación dual, que combinan aprendizaxe práctica e teórica”.

UGT continuará reivindicando unha transición ambiciosa, rápida, xusta e ordenada e seguirá traballando de maneira proactiva á hora de elaborar documentos de posicionamento e de reivindicacións en determinados aspectos ambientais, como no de avanzar cara a unha maior implantación do coche eléctrico.

UGT SOLICITA AO DEFENSOR DO POBO QUE INVESTIGUE A INAPLICACIÓN DA LEI DE VIVENDA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores dirixiuse ao Defensor do Pobo para reclamarlle que inicie unha investigación sobre a aplicación da Lei de Vivenda nas zonas tensionadas e sobre as medidas para o acceso das persoas traballadoras a unha vivenda digna e adecuada, das que teñen competencia as administracións autonómicas.

No seu escrito, o sindicato sinala como consideracións a ter en conta a realidade actual do mercado da vivenda en España, no que se sufriu un incremento exponencial dos prezos, tanto de venda de vivendas novas ou de segunda man, como dos prezos dos alugueiros.

Doutra banda, UGT subliña o empobrecemento de parte importante da poboación, en especial persoas mozas e traballadoras, e o incremento da desigualdade entre quenes xa teñen unha vivenda en propiedade e quenes non a teñen ou teñen que acceder ao mercado do alugueiro ou compravenda. Neste sentido, o sindicato fai fincapé en que os denominados fondos voitre e grandes propietarios ostentan posicións de vantaxe e propician o encarecemento da oferta. Deste xeito, aumenta o risco de pobreza relativo das persoas con traballo.

Ante este panorama, UGT denuncia que existen zonas ou territorios nos que cada vez é máis complicado o acceso á vivenda para as persoas traba-

lladoras. Así, o sindicato fíxase principalmente nas zonas de elevada presión turística como o arquipélago balear ou a provincia de Málaga e advirte que o aumento da vivenda turística é tamén factor coadxudante para o incremento dos prezos da vivenda.

Por estes motivos, e ante a aprobación da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, a cal o sindicato considera que se está aplicando de maneira insatisfactoria e improductiva por parte das comunidades autónomas, UGT solicita ao Defensor do Pobo que inicie unha investigación na que as Administracións competentes informen acerca do cumprimento da norma e das medidas adoptadas para atallar o problema da vivenda en España.

UGT ESIXE AO GOBERNO QUE CORRIJA A ARBITRARIA E DISCRIMINATORIA DEMORA DE DEVOLUCIÓN DE IMPOSTOS AOS ANTIGOS MUTUALISTAS

Redacción.- O pasado martes senllas delegacións das confederacións sindicais de UGT e CCOO, da que formaban parte tamén as súas respectivas federacións de pensionistas e xubilados, mantiveron unha reunión co Ministerio de Facenda, con obxecto de abordar a situación xerada pola decisión de deixar sen efecto as solicitudes de devolución de impostos que presentaran millóns de pensionistas, antigos cotizantes ás mutualidades que foron incorporándose á Seguridade Social.

Nesta reunión, que fora reclamada con insistencia desde as organizacións sindicais, tras a aprobación da medida anterior, con efectos do 22 de decembro, CCOO e UGT manifestaron o seu rexeitamento pola decisión adoptada, cualificándoa de arbitraria e discriminatoria para millóns de persoas e trasladaron ao secretario de Estado de Facenda a necesidade de corrixir esta situación e reverter os seus efectos.

Lamentablemente, a resposta do Goberno non foi satisfactoria manifestando non estar en disposición de corrixir esta situación, o que obriga a presentar a partir do próximo 2 de abril unha nova reclamación a todas as persoas que facéndoo xa en 2024, viron como se deixaba sen efecto a mesma.

Ademais de esixir a corrección da medida, e en tanto esta non se produza, UGT e CCOO esixiron tamén que calquera devolución derivada dun novo procedemento

debe levar aparellados intereses en compensación desta inxustificada demora no pago comprometido pola Administración.

O Ministerio de Facenda insistiu en que non teñen a marxe de corrección que necesitaría, en calquera caso, norma de rango legal e que, en consecuencia deben presentarse as novas solicitudes a partir do 2 de abril, para reclamar os atrasos correspondentes a 2019, no marco do novo calendario aprobado en decembro, aínda que aceptou que deberá incrementar as contías para reclamar nos correspondentes intereses, no tipo de interese de demora tributaria incrementado (4,0625 % anual neste momento).

Para iso, habilitarase un formulario que estará operativo na páxina da AEAT o mesmo 2 de abril, para solicitar os atrasos correspondentes a 2019.

Ante esta insatisfactoria resposta, CCOO e UGT, sen prexuízo de que canalizaremos desde o 2 de abril, novamente, os centos de miles de solicitudes que presentamos e xestionamos con anterioridade para que ninguén teña min-gua algunha nos seus dereitos, anunciamos ao Ministerio que mantemos o noso



calendario de mobilizacións para conseguir unha corrección completa desta medida que afecta negativamente ao principio de seguridade xurídica, adoptouse de forma arbitraria e discriminatoria para millóns de persoas.

Esiximos tamén solucións que impidan a demora en catro anos desta devolución, con afectación a pensionistas e no seu caso aos seus herdeiros, aínda que na reunión desta semana os representantes do ministerio manifestaron que non podían facer outra cousa que elevar de novo a nosa esixencia, pero sen estar en condicións de ofrecer solución algunha.

Nos próximos días, redobraremos as reclamacións que estamos a presentar de forma masiva, a petición a distintos organismos e institucións para que apoiem e sómense a esta petición e anunciaremos os seguintes pasos no calendario de mobilizacións iniciado que manteremos ata que teñamos unha solución satisfactoria.

O INFORME DO CEDS REFORZA AS DEMANDAS DE UGT ANTE A CRISE DO COSTE DE VIDA

Redacción.- O Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) presentou este mércores o seu informe sobre o impacto da crise do custo de vida nos dereitos sociais en Europa, o cal responde á crecente preocupación pola deterioración do poder adquisitivo da poboación e o aumento das desigualdades económicas e sociais nos Estados membros do Consello de Europa.

O CEDS, encargado de supervisar o cumprimento da Carta Social Europea, analizou como a inflación, o encarecemento de bens esenciais e o acceso limitado a prestacións sociais afectan gravemente aos sectores máis vulnerables. As súas conclusións evidencian que moitos Estados fallaron en garantir niveis de vida adecuados, incumprindo así os seus compromisos internacionais en materia de dereitos so-

ciais.

O informe subliña a necesidade de que os gobernos adopten medidas estruturais e urxentes para evitar a deterioración do benestar da poboación. Entre as súas principais recomendacións atópanse: a actualización de prestacións sociais, os salarios dignos, o acceso a unha vivenda alcanzable, a protección fronte á pobreza enerxética, así como o diálogo social e a participación cidadá.

Dado que a Carta Social Europea é un tratado vinculante para os Estados que a ratificaron, as súas disposicións deben ser respectadas e aplicadas a nivel nacional. Con todo, o informe sinala que moitas políticas nacionais non están aliñadas con estes principios, o que esixe unha resposta ur-

xente e coordinada a nivel europeo.

Desde UGT insistimos en que esta crise debe abordarse cunha resposta estrutural a nivel europeo. O sindicato está a promover no Comité Económico e Social Europeo un ditame que expón medidas concretas para combater a perda de poder adquisitivo e reducir as desigualdades. Neste marco preparatorio do ditame puxemos sobre a mesa a necesidade de: incrementar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) en toda a UE, fortalecer os sistemas de protección social para garantir ingresos suficientes a todas as persoas, aplicar políticas fiscais progresivas que alivien a carga económica dos fogares máis vulnerables e regular o acceso á vivenda e recoñecela como un dereito fundamental dentro do Pilar Europeo de Dereitos Sociais.